



Expediente 37993-220

**OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2014, 2015, 2016****OFICIAL FONTANEIRO****ANUNCIO SOBRE RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN 1º EJERCICIO TEST**

O Órgano de Selección en sesión de 13 de setembro de 2021 adoptou o seguinte acordo:

“Dentro do prazo concedido foron presentadas as seguintes alegacións:

- (...) **Documento 210182254** solicita a anulación da pregunta 31, por canto sinala que a pregunta pertence ao temario de prevención de riscos laborais, seguridade e saúde laboral, o cal non está incluído nos temas que se citan na convocatoria.

- (...) **Documento 210183237** solicita a anulación das preguntas 20, 21, 22 e 23 que se refiren ao RITE 2021, normativa que se aprobou no BOE , RD 178/2021, o 23 de marzo de 2021, data posterior a da convocatoria e bases do proceso selectivo, publicadas no BOPPO de 26 de marzo de 2018.

Solicita a anulación da pregunta 18 xa que considera que ten dúas solucións correctas a opción b) e a opción c).

Os membros do Órgano de Selección examinan as alegacións presentadas adoptando por unanimidade o seguinte acordo respecto de cada unha das preguntas do primeiro exercicio obxecto de alegación:

**Pregunta 31**

A alegación basease en que a pregunta está fora do temario da oposición.

Desestimase a alegación por canto a cuestión está incluída no Tema 10 do temario específico: “Avaliación dos riscos mais comúns en traballos de fontanería e calefacción na construción. Medidas correctoras e de prevención”, sendo esta unha cuestión básica en canto a medidas de protección.

**Preguntas 20, 21, 22 e 23**

O temario inclúe o coñecemento de cuestións relativas as instalacións térmicas nos edificios (entre outros, temas 5, 6 e 7). As referidas instalacións térmicas están reguladas normativamente polo RITE, Regulamento de Instalacións Térmicas nos edificios, aprobado po R.D. 1751/1998, que ao longo dos anos foi obxecto de diversas actualizacións, a última por R.D.178/2021 de 23 de marzo.

O opositor ten que ter coñecemento do contido do temario conforme á normativa vixente.

**Pregunta 18**

Alegase que ten dúas solucións correctas a opción b) e a opción c).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 17/09/2021 13:12

Páxina 1 de 2

Expediente 37993/220

CSV: 2781A9-AFC7DH-A6EC34-EUH276-LSWZBR-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

O órgano de selección considera que a pregunta ten dúas opcións de resposta correctas, a opción c) e a opción b) por canto a auga que mide o contador xeral é a auga fría. En consecuencia, o órgano de selección acorda a nulidade desta pregunta sendo substituída pola primeira pregunta de reserva, isto é a pregunta número 31.

A secretaria

María José Loureiro Bada



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 17/09/2021 13:12

Páxina 2 de 2

Expediente 37993/220

CSV: 2781A9-AFC7DH-A6EC34-EUH276-LSWZBR-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>